



O Ministerio do Interior declara de “Utilidade Pública” á Asociación ANDREA

A declaración de **Utilidade Pública** por parte do **Ministerio do Interior** vén a supoñer, ademais dun recoñecemento social ao labor da **Asociación ANDREA** ao longo dos últimos anos, a posibilidade de que empresas e particulares colaboradores coa nosa labor podan acollerse a unha serie de beneficios fiscais, e outórgalle a **Asociación ANDREA** a capacidade de utilizar a mención “**Declarada de Utilidade Pública**”.



Terapia con Burros para a Unidade de Rehabilitación Psiquiátrica do Complexo Hospitalario de Ourense

Froito da colaboración entre o equipo profesional da **Asociación ANDREA**, e o equipo de saúde mental do **Centro Hospitalario de Ourense Cristal-Piñor**, un grupo de usuarios **Internos da Unidade de Rehabilitación Psiquiátrica** participaron nun novidoso **Programa de Estimulación Multifuncional Asistido con Asnos**, especialmente deseñado para usuarios con trastorno mental grave.



Un **Programa Piloto Pioneiro en España no Tratamento Non Farmacolóxico** con Internos da Unidade de Rehabilitación Psiquiátrica. Tras os excelentes resultados obtidos neste Programa innovador que finalizou o pasado xoves 18 de Outubro, a valoración dos Equipos Terapéuticos de ambas as dúas entidades é moi positiva, e sentou as bases para seguir traballando xuntas neste novo ámbito de investigación.



ANDREA ASOCIACIÓN
 AS NOSAS NOVAS

CONTIDOS

ANDREA na portada de PROGAPE Magazine	2
Autismo Vigo de Respiro Familiar	2
I Foro de Terapia Asistida con Animais	2
Programa de Asinoterapia para Nenos Autistas	3
“MOREA” de Ocio Terapéutico en San Salvador	3
O Centro de Día de Alzheimer cos nosos burros	3
Produtos Solidarios de ANDREA na Feira de Outono	4
Ciclo de Formación en colaboración coa Universidade	4



Programa de Asinoterapia para Nenos de Ourense con Trastornos do Espectro Autista.

Cativos usuarios e usuarias da Asociación **Autismo Ourense** de **entre 4 e 7 anos**, foron os participantes este ano do **Programa de Estimulación Multifuncional Asistido con Asnos** que imparte o equipo interdisciplinar da **Asociación ANDREA**, e que finalizou o pasado 19 de Outubro de 2012.

Os obxectivos deste Programa dirixido aos máis pequenos, centráronse en conseguir estimulación axeitada e natural a nivel cerebral profundo a través de diferentes vías sensoriais para mellorar os niveis de atención e concentración, aumentar o número de vivencias afectivas e ofrecer a posibilidade de ampliar os seus intereses. A valoración deste Programa foi moi positiva, cumpríndose os obxectivos propostos.



A Asociación de Familiares e Enfermos Mentais "Morea" de Ocio Terapéutico en San Salvador dos Penedos.

Máis dunha vintena de usuarios e usuarias da **Asociación de Familiares e Enfermos Mentais "Morea"**, puideron coñecer de preto o noso **Centro de Terapia Asistida con Burros para persoas en desvantaxe física, psíquica e/ou social**. Durante a Mediación Terapéutica, os participantes puideron gozar do doce carácter dos nosos burros de Terapia, da súa proximidade, e dun entorno de singular beleza situado no corazón da **Reserva da Biosfera "Área de Allariz"**.

A interacción afectiva cos animais, especialmente cos burros, demostrou ser moi efectiva e beneficiosa como fonte de estimulación cerebral para as persoas afectadas de enfermidades mentais.



O Centro de Día de Alzheimer Ourense cos nosos Burriños de Terapia

Un grupo de 30 usuarios e usuarias provenientes do **Centro de día de Alzheimer de Ourense**, da **Residencia para Maiores de Ourense Centro**, e da **Residencia de Maiores de Barbadás**, pertencentes á empresa **Geriatros**, participaban no **Día Mundial do Alzheimer** (21 de Setembro) dos **Programas de Ocio Terapéutico**, especialmente deseñados para eles, que a **Asociación ANDREA** leva a cabo na súa sede de San Salvador.



A docilidade e proximidade dos nosos burros de terapia fixeron unha vez máis as delicias dos participantes, e nalgúns casos o contacto cos burros fixo rememorar momentos da súa xuventude preto destes animais, **moi presentes antano nas familias das poboacións rurais**.



**San Salvador 22
32660 Allariz
Ourense**

Teléfono: 988442534
Móvil: 696971670

andreaasociacion@gmail.com

**Mellorando a calidade de vida
dos colectivos desfavorecidos.**

ESTAMOS NO WEB:

www.andreaasociacion.org

A Asociación ANDREA cos seus Produtos Solidarios na Feira de Outono de Allariz

A Asociación ANDREA comezou coa elaboración dos seus **Produtos Solidarios** elaborados con leite de burra. Ao compralos está mercando sobre todo calidade, e un produto ético e solidario. Coa súa compra está a apoiar ademais o noso labor a favor dos burros abandonados e maltratados, e dos nenos e adultos con necesidades especiais.



O **Proxecto Cleopatra** é unha iniciativa conxunta do **Concello de Allariz** e a **Asociación ANDREA**, que ademais de garantir unha liña local de produtos artesáns de alta calidade, pretende ser un proxecto encamiñado á sustentabilidade da Asociación, para poder garantir a continuidade do noso labor a favor dos colectivos desfavorecidos da sociedade a través dos nosos **Programas de Terapia Asistida con Animais**, e para poder seguir desenvolvendo accións encamiñadas á recuperación do rural, e á protección e conservación dun entrañable animal, compañeiro infatigable dos nosos antergos.

Ciclo de Formación Especializada en colaboración coa Universidade de Vigo

Acorde co auxe dentro do mundo científico das Terapias Asistidas con animais e dada a necesidade de impartir unha formación especializada, desde o Centro Pioneiro en España de Asinomedicación e Terapia Asistida con Burros para persoas en desvantaxe física, psíquica e/ou social, a **Asociación ANDREA** ofrece un dos máis completos ciclos formativos sobre esta nova e beneficiosa especialidade.

Os nosos cursos e seminarios de Terapia Asistida con Animais están deseñados para poder ofrecer ós participantes a mellor calidade en formación, proporcionando os coñecementos necesarios para poder utilizar animais dentro de diferentes procesos educativos e terapéuticos como unha innovadora ferramenta, e poder implantar programas terapéuticos con Animais con diferentes colectivos.

Este ciclo formativo está recoñecido como créditos de libre elección si eres estudante Universitario.

A maior parte dos nosos cursos teñen un formato persoalzado en grupos reducidos para garantir unha boa calidade de ensinanza. Posto que a finalidade da nosa formación é profesional, incluímos nos cursos a realización de prácticas tanto de simulación como reais, participando co noso equipo terapéutico en programas de intervención, para que así os participantes podan rematar o seu ciclo formativo cunha experiencia profesional previa. Adaptamos tamén os cursos ás necesidades de entidades concretas que nos soliciten formación para o seu persoal, voluntariado...



TERAPIA ASISTIDA CON ANIMAIS

www.andreaasociacion.org

Si queres publicitarte neste boletín gratuíto, e colaborar deste xeito a mellorar e aumentar o número de exemplares, contacta con nós (arriba a esquerda). Por pequena que sexa a túa aportación será de gran utilidade.